



ACTA Nº 2022/2

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- Telemática. Aplicación ZOOM., martes 8 de febreiro de 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se telematicamente os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE. APLICACIÓN ZOOM.
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBÉN VILLAR AGULLEIRO EMILIA TRILLO LOJO JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO RAMÓN VIGO SAMBADE PILAR IGLESIAS LEMA CARMEN DÍAZ FREIRE AGUEDA DÍAZ MEJUTO MARÍA VICTORIA AREAS POSE SERXIO DOMÍNGUEZ LOURO CESAR PÉREZ MARTÍNEZ JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO INTERVENTORA ROSA M ^a FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	AUSENTE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

1. Proposta da alcaldía relativa a aprobación: POS+ADICIONAL 1/2022. GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000003.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día xoves 3 de febreiro de 2022 emitiuse o seguinte **DITAME:**

“2. Proposta da alcaldía relativa a aprobación: POS +ADICIONAL 1/2022. GASTOS SOCIAIS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000003.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: POS +ADICIONAL 1/2022. GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000003

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a Circular remitida a este Concello pola Deputación provincial da Coruña, e en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente,

PROPOÑO ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

61.722,62 €

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

61.722,62 €

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas			0,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



<p>de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	502.320,00 €	257.850,99 €	244.469,01 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>			0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>			0,00 €



SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	502.320,00 €	257.850,99 €	244.469,01 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	502.320,00 €	257.850,99 €	244.469,01 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 4 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, ascende a 61.722,62 € para destinalos o SAF.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidades dos asistentes á sesión plenaria.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS



2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña. Expediente Nº 2021/X999/000407.

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 3 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña. Expediente Nº 2021/X999/000407.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022".

EXPEDIENTE Nº: 2021/X999/000407.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a circular remitida a este Concello pola Deputación provincial da Coruña relativa ao POS+2022, **PROPOÑO ao PLENO da CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	176.350,34 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	176.350,34 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			
	Deputación	Concello		Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración				
Subtotal investimentos achega provincial 2022				

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO		
	Deputación	Concello	
Denominación da obra ou			



subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
VIAL EN PEREIRIÑA, VIAL TOBA DE ABAIXO E VIAL EN INTERIOR DE RASO.	51.304,97 €	119,18 €		119.18 €	51.424,15 €
PROXECTO VIALES EN AMEIXENDA. CONCELLO DE CEE	36.814,70 €				36.814,70 €
ACONDICIONAMENTO DA RÚA AGRA DE ESCABANAS	36.725,32 €				36.725,32 €
SANEMENTO EN BORREIROS	49.652,43 €				49.652,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	174.497,42 €	119,18 €		119,18 €	174.616,60 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	176.350,34 €				176.350,34 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021	174.497,42 €	119,18 €			174.616,60 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					



	Achega 2022	176.350,34 €				176.350,34 €
	Achega 2021	174.497,42 €	119,18 €			174.616,60 €
	Préstamo 2022					
	TOTAL	350.847,76 €	119,18 €			350.966,94 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
PROYECTO PAVIMENTACIÓN EN CHAFARÍS Y RAMAL ASPADEX	45.345,00 €		
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A SEMBRA E CARBALIZA	51444,00 €		
PROYECTO VIALES EN INTERIOR DE VILAR DE TOBA. AYUNTAMIENTO DE CEE	53.826,98 €		
CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS E FECAIS NA RÚA PEPE DO POCHO. TRAMO I	44.754,67 €		
PROYECTO VIAL GUIMAREU A LUGAR ESTORDE	63.294,83 €		
TOTAIS	258.665,48€		

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de



Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta conforme foi acordado nas dúas comisións previas, solicitados os proxectos conforme o consensuado por todos os grupos, a proposta é, achega provincial para gastos correntes:176.350,34 € e para obras, temos:

VIAL EN PEREIRIÑA, VIAL TOBA DE ABAIXO E VIAL EN INTERIOR DE RASO.
PROXECTO VIALES EN AMEIXENDA. CONCELLO DE CEE
ACONDICIONAMENTO DA RÚA AGRA DE ESCABANAS
SANEMENTO EN BORREIROS

A contía é de 174.616,60 € e no Plan complementario as seguintes obras:

PROYECTO PAVIMENTACIÓN EN CHAFARÍS Y RAMAL ASPADEX
AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A SEMBRA E CARBALIZA
PROYECTO VIALES EN INTERIOR DE VILAR DE TOBA. AYUNTAMIENTO DE CEE
CANALIZACIÓNS DE PLUVIAIS E FECAIS NA RÚA PEPE DO POCHO. TRAMO I
PROYECTO VIAL GUIMAREU A LUGAR ESTORDE

Sra Díaz: todas las obras son necesarias y estamos todos de acuerdo, si que es verdad que al grupo PP le hubiera gustado incluir la obra de la urbanizacion de Bazarra por la problemática que tienen los vecinos, son 17 viviendas que bueno que tenían que tener, conectar aguas fecales a la general del alcantarillado, la solución que tienen son 2 bombas que pagaron y mantienen los vecinos y ademas pagan alcantarillado, solicitamos valoración de la obra para posible inclusión en el POS, es verdad que unos minutos antes de comenzar la comisión para incluir obras en el Pos se nos comunica por la alcaldesa que no puede incluirse por una serie de requisitos, que hay que solicitar y por tema de plazos no entrarían en la redacción de los proyectos y no se puede poner, hablamos con los vecinos y le explicamos que no puede ser y les extraña porque nos dice que era un punto que llevaba la Sra alcaldesa en su programa y que exista un compromiso de realizar esa obra, nos pesa mas que no



tuvieran esos permisos pedidos, sería fantástico porque se hubiese podido meter esta obra, dejar constancia de la importancia de esta obra y de que por favor que se soliciten todos los permisos para que en la primera ocasión que tengamos se pueda ejecutar la obra porque los vecinos lo necesitan y también pedir en la medida de lo que se pueda que cuando un grupo solicite la inclusión o valoración de una obra en el POS se nos comunique con un poco más de antelación que esa obra no puede incluirse dentro del POS porque valoraríamos otras opciones entonces creo que era lo último y me reitero todas las obras son necesarias e importantes y nuestro voto va a ser favorable.

Sra alcaldesa: con relación a la valoración si se realizó igualmente por importe a 88372,94 euros y como expliqué en la comisión correspondiente, nos encontramos con una serie de problemas, por un lado, la estación de bombeo está en una finca privada, por otro lado la licencia de primera ocupación y fue otro alcalde, yo no estaba en la alcaldía porque fué hace años no está recibida con ese bombeo, se le dió una licencia de primera ocupación sin ese bombeo por tanto no es responsabilidad del concello en si asumir ahora esos costes con independencia que hay voluntad para ello y el concello no puede asumir si es recibida la urbanización de esa forma, esta alcaldesa ni el equipo de gobierno tenían conocimiento hasta que se revisó ahora al realizar la valoración, en todo caso, como expliqué en la comisión para acometer esa obra hay que pasar por una finca privada igualmente aparte que dejen, de mirar con los técnicos como se puede hacer la recepción o modificación correspondiente, no es tan sencillo como pensamos a veces surgen estas cosas y hay que darle solución. En todo caso sí hay una voluntad por parte del gobierno en dar una solución a este problema.

Sra Díaz: si, estoy de acuerdo en lo que dice pero cuando se convoca la primera comisión de obras, reza: estudio y debate de las obras a incluir en el POS, cuando nos llega la relación de obras valoradas, está incluida la valoración de Bazarra, aunque traía una aclaración, leo y cito: en la conexión de bombeo hay que indicar que implica la anulación de dicho bombeo y conexión por la parte baja del talud de la carretera autonómica, posible afección a finca privada en consecuencia obtener autorización de dicho titular y contar con la necesaria autorización sectorial, cuando nos llega la valoración con esta aclaración entendemos que tenemos que podemos incluirla siempre que los demás grupos esten de acuerdo, lo que le pedimos es que si usted sabe que no se puede por una serie de permisos que por favor, joder, nos llama por telefono y nos dice esa obra no puede venir, sin problema, que nos lo diga con un poco de antelación y no a dos minutos de la comisión, los problemas existen pero esta obra no es que haya pasado de un día para otro es una obra necesaria desde hace mucho tiempo, que usted no estaba en la alcaldía, pero hay un problema que solucionar y que tienen la voluntad, perfecto, que vamos a estar pendiente de lo que vaya sucediendo, por lo demás estamos de acuerdo con las obras y nuestro voto va a ser favorable.

Sra alcaldesa: solamente matizar que fueron valoradas 23 obras así contando por encima entre 22 y 23 obras, han sido objeto de valoración, esta obra está valorada se solicitaran los permisos y se estudiará si a cuenta de un suplemento de crédito o del remanente que están cerrando la cuenta se valorará ya hemos avanzado, se tiene la valoración y ya está, no creo que pase nada.

Sra Díaz Mejuto: no pasa nada pero que quede constancia.

Sra alcaldesa: ya lo manifesté en la comisión correspondiente, ya lo puse de manifiesto que esta obra está valorada, sabemos el coste, y luego a lo largo de este año si podemos ejecutar la obra solicitando los trámites correspondientes se hace y ya está como se hicieron otras.

Sra Díaz: lo único que le digo es que la valoración se pidió para la inclusión en el POS, una pena, los permisos porque ya se podría incluir este año y solucionar el problema, usted podría valorar la obra por su cuenta y solicitar los permisos ...intelixible...

Sra alcaldesa: es que no solamente es un problema de permisos por un propietario de una finca privada es un problema de que fue recibida sin el bombeo y eso es más grave y la solución no es tan fácil.

Sra Díaz: mire, usted está en la alcaldía para solucionar los problemas ...yo simplemente pongo de



manifesto lo que me manifiestan los vecinos y que es una pena no tener listas esas cosas para hacer esta obra, que da igual que todas son necesarias y vamos apoyar evidentemente las otras obras, solo quería dejar constancia de lo que pasó nada más.

Sra alcaldesa: pues yo quiero dejar constancia de que cuando se recibió esa obra no se recibió con el bombeo y la competencia o responsabilidad son de otras personas que habrá que solucionarlas ahora, y a veces no son fáciles.

Sra Díaz: muy bien.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidades dos asistentes á sesión plenaria.

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Proxecto emendado "SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE" CON NRE (20229990000042) de data 13 de xaneiro de 2022. Expediente Nº: 2021/X999/000099.

Considerando o seguinte:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día xoves 3 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

"3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Proxecto emendado "SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE" CON NRE (20229990000042) de data 13 de xaneiro de 2022. Expediente Nº: 2021/X999/000099.

Considerando a seguinte:

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN PROXECTO EMENDADO "SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE" CON NRE (20229990000042) DE DATA 13 DE XANEIRO DE 2022. EXPEDIENTE Nº 2021/X999/000099.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que a Deputación provincial en data 28 de decembro de 2022, comunica a esta Administración a emenda do proxecto de referencia.

Resultando que o redactor do proxecto, presenta neste Concello con NRE 20229990000042, en data 13 de xaneiro de 2022 o proxecto emendado, de conformidade co estipulado no oficio remitido pola Deputación Provincial da Coruña.

Visto o novo requirimento efectuado polo ente subvencionador en data 27 de xaneiro de 2022, que entre outros extremos, require: Certificado do acordo do órgano competente de aprobación do proxecto emendado.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación do Proxecto emendado "SENDA PEONIL NA AMEIXENDA CEE" CON NRE (20229990000042) de data 13 de xaneiro de 2022, redactado por D. PABLO COUTO LÓPEZ



(Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos - Colegiado nº 15.384).

SEGUNDO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo a Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIONS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta como xa se explicou na comisión correspondente esto xa se trouxo a pleno, xa foi aprobado, por parte de deputación houbo que corrixir uns erros materiais que había no proxecto e hai que traelo novamente a pleno.

Sra Díaz: estamos de acordo, ya votamos a favor en el pleno de marzo y vamos a seguir menteniendo el voto favorablemente.

Sr Domínguez Louro: simplemente decir que igualmente mantemos o voto favorable de cando veu por última vez o Pleno.

-----VOTACIONES-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidades dos asistentes á sesión plenaria.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do REC 1/2022. Expediente Nº 2022/X999/000031.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día xoves 3 de febreiro de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación do REC 1/2022. Expediente Nº 2022/X999/000031.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2022 DE FACTURAS EJERCICIO 2021.

EXPEDIENTE Nº 2022/X999/000031.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando o expediente Nº 2022/X999/000031 relativo ao Recoñecemento Extraxudicial de Crédito Nº 1/2022 de facturas do exercicio anterior que ascende a un importe de 73.240,41€.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Exp. 2022/G010/000002

Visto o informe de Fiscalización emitido pola Sra Interventora de desconformidade con suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados (habilitando o crédito necesario para ditos gastos) ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo.

Resultando que por Resolución da Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2022 foi levantado o reparo formulado en canta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas.

Visto que corresponde ao Pleno da Corporación a resolución da discrepancia plantexada baseada na insuficiencia de crédito (artigo 217.2.a/ do Real Decreto Legislativo 2/2004) e así mesmo, ao solventar o reparo deberá recoñecer extraxudicialmente as facturas e habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO** ao **PLENO** da **CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Municipal baseado na insuficiencia de crédito e en consecuencia habilitar o crédito necesario para o recoñecemento das obrigas.

SEGUNDO.- Aprobar o REC 1/2022 polo importe de 73.240,41€.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a Proposta e resulta ditaminada no seguinte sentido: 3 votos a favor do grupo político PSOE e Mixto e 5 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta, consta levantamento de reparo, algunha intervención?.

Sr Domínguez Louro: vamos abstermos para que salga adiante.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 5 votos a favor dos grupos políticos PSOE e Mixto e 7 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

Ás 20:12 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán